

AS MENTIRAS DE SOGAMA E A REALIDADE DA INCINERACIÓN

1. Os países avanzados incineran: Suecia aplica este método ao 49% dos residuos; Dinamarca, ao 48%; Holanda, 39%; Alemaña, 34%; Austria, 29%.

Datos Eurostat (2009), UE:

24% reciclaxe
18% compostaxe
20% incineración
38% vertedoiro

Datos SOGAMA, (2008, memoria de SOGAMA):

1,5% reciclaxe
0% compostaxe
51,2% incineración (+34.000 Tm de cinsas tóxicas)
47,3% vertedoiro

Austria conta con 14 plantas incineradoras, pero tamén com máis de 400 plantas de compostaxe. En Austria, a maior parte dos residuos recíclanse e a materia orgánica compóstase toda. Só unha pequena parte que non te aínda reciclado posible vai para incinerar. No sistema SOGAMA que trata o 81% do lixo galego, máis do 51% dos residuos incinéranase e o 47% vai directamente a vertedoiro. Só se recicla o 1,5% e a compostar o 0%.

2. A "valorización enerxética" (incineración) medrou en Europa +60% en 12 anos:

Falso. En Europa a incineración aumentou nun 30%, a reciclaxe nun 87% e a compostaxe nun 133%

No ámbito SOGAMA só aumentou a incineración, pois a reciclaxe fica no 1,5%, e nin siquiera esta cifra é real (a metade son áridos para recheo!).

Nos países eurpoeos antes mencionados, a incineración xa estaba presente cando aínda non se coñecían os seus efectos para a saúde.

O incremento da incineración en Europa débese maiormente ao incremento en países menos desenvolvidos, como Galiza, onde pasou do 0% ao 41% nos últimos 10 anos.

Comparación Galiza-UE (2008)	GALIZA	UE-27
Evolución xeración residuos 1998-2008	+25%	+5%
Reciclaxe	8,8	22,7
Compostaxe	8,2	16,1
Incineración	41,3	19,2
Vertido	41,7	39,2

3. Incineración, compostaxe e reciclaxe son solucións complementarias e nunca excluintes.

A nova Directiva Marco de Residuos fixa como obxectivo para 2020 que o 50% dos refugallos municipais sexan sometidos a reutilización e reciclado, debendo pasar a xestión da fracción resto (rexeites) rechazo pola valorización enerxética.

Con SOGAMA, Galiza incinera o 41%, e a nova incineradora suporía outro 29%. En total, a incineración suporará un 70%. É este o nivel de incineración dos países avanzados que se citan? Pódese cumprir o obxectivo do 50% de reutilización e reciclado que di a Directiva?

Como se explica que os residuos en Europa sexan reciclables en máis do 50% e incluso no 60-80% nos países que din adiantados, e en Galiza non poidan acadar nin o 30%?

4. A incineración dos RSUs produce enerxía renovábel (segundo o Plan de Acción Nacional de Enerxías Renovábeis de España 2010-2020) que en 2008 substituiu en Europa entre 7 e 38 millóns de toneladas de combustíbeis fósiles (gas natural, fuel e carbón).

Calificar a incineración como enerxía renovábel non é a única mentira que ofrece a lexislación española. Hai que ter en conta que:

- a) Os plásticos que van a incinerar proceden do petróleo.
- b) SOGAMA obtén a maior parte da electricidade que vende de queimar gas natural, máis dunhas 50.000 TEP (toneladas equivalentes de petróleo cada ano)!

5. As incineradoras modernas, coma a de SOGAMA efectúan importantes inverstimentos para adaptarse ás novas esixencias técnicas e ambientais e son moito máis eficientes.

Por suposto que as vellas incineradoras eran máis prexudiciais, e os controis menores, mais iso non significa que as novas deixaran de contaminar, e seguen a emitir dioxinas, furanos, PCBs, metais pesados...

En 1989 a Directiva europea sobre incineradoras establecía uns límites que consideraba suficientes, e 11 anos despois, en 2000 tivo que reducilos varias veces. Daquela e agora, moitas palntas incumpren a normativa. A este respecto, SOGAMA está agora inmersa nun proceso de denuncia por vertido incontrolado.

Dende o punto de vista da saúde, non hai nivel de dioxinas seguro, xa que son persistentes e bioacumulativas. Calquera cantidade pode desencadear a aparición de cancros, e precisase un VERTIDO CERO de dioxinas para minimizar o risco, igual que co mercurio e o cadmio (Normativa sobre erradicación de substancias prioritarias). Ninguna incineradora pode garantir iso.

Datos de emisións contaminantes do rexistro PRTR. Comparación emisións de SOGAMA e as plantas de Nostián e Barbanza

Ligazóns directas á información:

DEPOSITO TEMPORAL DE AREOSA

http://www.prtr-es.es/Informes/fichacomplejo.aspx?Id_Complejo=5576

COMPLEJO MEDIOAMBIENTAL DE CERCEDA

http://www.prtr-es.es/informes/fichacomplejo.aspx?id_complejo=674

PLANTA DE TRATAMIENTO DE RESIDUOS DE NOSTIAN (A CORUÑA)

http://www.prtr-es.es/informes/fichacomplejo.aspx?id_complejo=3169

COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE TRATAMIENTO DE RSU E ASIMILABLES DA
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA
http://www.prtr-es.es/informes/fichacomplejo.aspx?id_complejo=4236

RESUMO E CÁLCULOS DE EMISIÓN (2009)

	SOGAMA Incineradora	SOGAMA vertedoiro A Areosa	Nostián	Barbanza
RU tratados (t)	500.112 (527.025)*	354.683 (381.597)*	? (193.869)*	11.461 (34.187)*
Emisións CH ₄ (t)	-	8.720	938	131
Outras emisións rexistradas	327.000 t CO ₂ 231 t NO _x /NO ₂ + unha longa lista	-	139 t NO _x /NO ₂	-
Emisións CH ₄ +CO ₂ (kg CO ₂ eq/kg RU)***	0,65 0,62**	0,52 0,48**	- 0,10**	0,24 0,08**

*Segundo o PXRUG 2010-2020

**Considerando os datos de RU tratados do PXRUG

***Múltiplícanse as emisións de CH₄ por 21 e súmanselle as de CO₂. Non se consideraron outros GEI como os N₂O (13.200 kg/ano en SOGAMA).

As emisións de gases de efecto invernadoiro por kilo de lixo son para SOGAMA 6 veces máis altas que para Nostián e Barbanza.

6. A incineración crea postos de traballo.

Efectivamente, como toda actividade industrial crea postos de traballo. No entanto, estes empregos son absoluta e porcentualmente máis baixos que os de unha planta de compostaxe, por exemplo a do Barbanza. Así en SOGAMA traballan 91 persoas, mentres que na planta de compostaxe do Barbanza fan 150. Os empregos que xenera SOGAMA por cada 100.000 toneladas tratadas son 14, o ratio máis baixo de todas as incineradoras do estado. En comparación a planta do Barbanza ten 150 empregados/as e trata 34.000 Tm/ano; para 100.000 Tm, xeraría 438 postos de traballo.

Hai que ter en conta ademais os empregos en agricultura, gandería e turismo que destrúe unha incineradora.

Fonte. GRENPEACE					
Comunidades Autónomas	Municipio	Capacidade (t/año)	Nº de trabaxadores Aeversu ¹	Estimación propia nº trabaj. incineración ²	Nº de trabaxadores por 100.000 toneladas incineradas
Baleares	Palma de Mallorca	300.000	351	130	43
Cantabria	Meruelo	90.000	142	22	24
Cataluña	Mataró	160.000	55	53	33
Cataluña	Sant Adrià del Besòs	321.728	82	82	25
Cataluña	Girona	35.000	25	25	71
Cataluña	Tarragona	168.192	30	30	18
Galicia	Cerceda	550.000	91	77	14
Madrid	Madrid	295.000	200	80	27
Melilla	Melilla	31.000	21	21	68
País Vasco	Bilbao	320.000	72	48	15
TOTAL		2.270.920	1.069	568	25